

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

RESOLUCIÓN do 11 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, pola que se procede á publicación das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 27 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

De conformidade co disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os órganos administrativos concedentes deben publicar no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario a que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e a finalidade, previsión, así mesmo, contida no artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, polo que se procede á correspondente publicación.

Convocatoria: Orde do 27 de marzo de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (DOG núm. 72, do 13 de abril).

Programa I: Consolidación dos servizos de atención temperá actualmente subvencionados pola Xunta de Galicia a través da Orde do 22 de xuño de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (DOG núm. 126, do 5 de xullo de 2016).

Programa II: destinado a servizos de atención temperá existentes e actualmente non subvencionados así como á implantación de novos servizos.



Finalidade: as subvencións destináronse a financiar as entidades locais de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá ao abeiro do disposto no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá coa finalidade da súa implantación e/ou consolidación.

Crédito orzamentario:

Aplicación orzamentaria	Finalidade	Importe	Total
12.04.312E.460.1 código de proxecto 2016 0072	Programa I	576.136,57 €	712.158,13 €
	Programa II	136.021,56 €	

Beneficiarios, actuación subvencionada e importe concedido: as contías e entidades beneficiarias por cada un dos programas relaciónanse nos anexos I e II desta resolución.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2019

Ildefonso de la Campa Montenegro
 Director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

ANEXO I

Relación de axudas concedidas ao abeiro da liña do artigo 3.1.a)

Programa I

Expediente	Entidades beneficiarias/concellos integrantes	Importe subvención
01/2018.BS700A.AT	Mancomunidade de Concellos da Comarca de Verín (Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós)	97.013,16 €
02/2018.BS700A.AT	Agrupación de concellos da Pobra do Caramiñal, Ribeira e Boiro	67.506,21 €
03/2018.BS700A.AT	Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes (Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo)	119.986,42 €
04/2018.BS700A.AT	Agrupación da Mancomunidade de Concellos do Carballiño (Beariz, Boborás, O Irixo, Piñor e San Amaro) e da Mancomunidade I. V. do Ribeiro (Arnoia, Beade, Cenlle, Cortegada e Leiro)	97.013,16 €
05/2018.BS700A.AT	Agrupación de concellos de Burela, Xove, Cervo, Foz, Ribadeo, Barreiros, Alfoz e Lourenzá	93.468,24 €
06/2018.BS700A.AT	Agrupación de concellos de Noia, Lousame, Outes, Muros e Porto do Son	101.149,38 €



ANEXO II**Relación de axudas concedidas ao abeiro da liña do artigo 3.1.b)****Programa II**

Expediente	Entidades beneficiarias/concellos integrantes	Importe subvención
08/2018.BS700A.AT	Mancomunidade de Concellos de Santa Águeda (Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín)	8.035,20 €
09/2018.BS700A.AT	Concello de Teo	8.364,96 €
10/2018.BS700A.AT	Concello de Cangas	84.303,12 €
11/2018.BS700A.AT	Agrupación de concellos: Mondoñedo, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e Trabada	7.493,44 €
12/2018.BS700A.AT	Agrupación de concellos: Antas de Ulla e Portomarín	12.558,55 €
14/2018.BS700A.AT	Agrupación de concellos: Santa Comba e Mazaricos	2.678,40 €
15/2018.BS700A.AT	Agrupación de concellos: Cuntis, Barro, Caldas de Reis, Moraña e Portas	12.587,89 €

